

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de XUÑO de 2005**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o próximo xoves, día 30 de xuño de 2005, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

1.-Aprobación das actas seguintes: plenaria ordinaria nº 5/05, do 26 de maio e plenaria extraordinaria nº 6/05, do 16 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8.931 á nº 11.263, de 2005.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

3.-Ampliación de delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Negreira.

4.-Ampliación de delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Melide.

5.-Ampliación de delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Vedra.

6.-Ampliación de delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Teo.

Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamento

7.-Toma de coñecemento da remisión ao Consello Consultivo de Galicia do proxecto “Modificado nº 2 do de rehabilitación do Teatro Colón”.

8.-Expediente de desafectación parcial e cesión de uso dun local no edificio da Milagrosa para o desenvolvemento de servizos sociais especializados destinado ao sector de persoas con incapacidade física para a súa integración laboral.

9.-Aprobación da primeira relación de investimentos do Concello de Cerceda, dentro do II Convenio de cooperación suscrito entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda para realizar obras de infraestrutura.

Comisión de Vías e Obras Provinciais

10.-Aprobación da Programación de investimentos en vías provinciais, 2006-2008

11.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais, 2005, 2ª fase.

12.-Aprobación provisional da 2ª fase do Plan de travesías 2005 e concesión dun prazo adicional para que os concellos completen a documentación requirida nas bases do Plan de travesías 2004-2007.

13.-Aprobación provisional da 3ª fase do Plan de travesías 2005 e concesión dun prazo adicional para que os concellos completen a documentación requirida nas bases.

Comisión de Cooperación e Asistencia a Concellos

14.-Resolución da alegación presentada polo Concello de Mesía ao acordo de anulación da obra “Captación e acondicionamento da ETAP en Mesía” deste concello, incluída na primeira fase da anualidade 2005 do Programa operativo local 2000-2006, código 05.2300.0166.0.

15.-Aprobación do Programa de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano 2005.

16.-Aprobación do cambio da obra “Acceso Sueiro-Goiente”, código 05.2100.0128.0 do Concello de Culleredo incluída no POS 2005, pola obra “Acondicionamento de iluminación pública na Praza Europa” prevista no Plan complementario ao POS 2005.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

17.-Dar conta ao Pleno do nomeamento do viceinterventor da Deputación Provincial da Coruña.

Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

18.-Concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza destinada á promoción musical de bandas de música, corais e grupos de cámara da provincia da Coruña.

19.-Concesión de subvención nominativa á Fundación Luis Seoane para o cofinanciamento do proxecto “O lado da sombra”.

20.-Concesión de subvención nominativa a Caixanova para o cofinanciamento dun programa de actividades culturais en concellos da provincia.

Comisión de Deporte, Xuventude e Medio Ambiente

21.-Aprobación de axudas aos concellos para sostemento da “Campana de colaboración de prevención de incendios forestais”. Anualidade 2005.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ

BNG
BNG

Non asisten os Sres. Campo Fernández., García Cardeso y Noceda Lamela.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS SEGUINTE: PLENARIA ORDINARIA Nº 5/05, DO 26 DE MAIO E PLENARIA EXTRAORDINARIA Nº 6/05, DO 16 DE XUÑO.

Préstase aprobación ás actas seguintes: Plenaria ordinaria nº 5/05, do 26 de maio e plenaria extraordinaria nº 6/05, do 16 de xuño.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 8.931 Á Nº 11.263, DE 2005.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola presidencia, da nº 8.931 á nº 11.263, de 2005.

3.-AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE NEGREIRA.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Bos días a todos. Simplemente é para dicir en nome do Grupo Provincial do Partido Popular que imos votar a favor de todos os puntos da orde do día de hoxe, puntos a maior parte de trámite, outros estaban comezados, etc. E nada máis que engadir, a nosa felicitación ao novo viceinterventor, Sr. Pérez Alvariño, que mañá tomará posesión oficialmente, e darlle a nosa benvida e os nosos parabéns.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Negreira en relación coas seguintes materias:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
- Recadación en período executivo de ingresos de dereito público de carácter non periódico.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.-AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE MELIDE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Melide en relación coas seguintes materias:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
- Recadación en período executivo de multas ou sancións pecuniarias.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

5.-AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE VEDRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Vedra en relación coas seguintes materias:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
- Recadación voluntaria e executiva da taxa por rede de sumidoiros.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

6.-AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE TEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Teo en relación coas seguintes materias:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
- Recadación voluntaria e executiva da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.
- Recadación voluntaria e executiva da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, incluíndo a colaboración previa co concello para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeron as infraccións.
- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

7.-TOMA DE COÑECEMENTO DA REMISIÓN AO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA DO PROXECTO “MODIFICADO Nº 2 DO DE REHABILITACIÓN DO TEATRO COLÓN”.

A Corporación queda informada da remisión ao Consello Consultivo de Galicia do proxecto “Modificado nº 2 do de rehabilitación do Teatro Colón de conformidade co disposto no art. 59.3 do TRLCAP co fin de que emita o preceptivo informe.

8.-EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN PARCIAL E CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO EDIFICIO DA MILAGROSA PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS DESTINADO AO SECTOR DE PERSOAS CON INCAPACIDADE FÍSICA PARA A SÚA INTEGRACIÓN LABORAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica do local do edificio “A Milagrosa” cunha superficie para desafectar de 455 m², para a súa cualificación como ben patrimonial.
- 2.- Expor o citado expediente para información pública durante o prazo dun mes, contado desde a publicación no BOP, para os efectos de reclamación entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.
- 3.- Aprobar o [Prego de condicións que se acompaña](#), no que se establecen os requisitos da cesión e conforme co cal se seleccionará a súa entidade beneficiaria.
- 4.- Iniciar o expediente de cesión, condicionado á aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica do local, de conformidade cos trámites que establece o art. 110 do Regulamento de bens, considerándose definitivamente aprobado se non se formulan reclamacións.

PREGO DE CONDICIÓNNS PARA A CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO EDIFICIO “A MILAGROSA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS DESTINADOS AO SECTOR DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA PARA A SÚA INTEGRACIÓN LABORAL

I. OBXECTO

O presente prego ten por obxecto establecer as condicións para a cesión de uso dun local situado na planta baixa do edificio “A Milagrosa” e cunha superficie de 455 m², descrito no plano adxunto, coa finalidade de que a entidade cesionaria o dedique a centro de formación ocupacional (art. 13 da Lei 4/93 de servizos sociais para Galicia) para o desenvolvemento de servizos sociais especializados, conforme se entende no artigo 11 da Lei 4/93, destinados ao sector de persoas con discapacidade física para que dispoñan de servizos de integración laboral .

II. PRESCRICIÓNNS TÉCNICAS

1. A cesión de uso do local ao cesionario queda condicionada á aprobación definitiva dos expedientes de alteración da cualificación xurídica e de cesión, de acordo co establecido nos artigos 8, 109 e 110 do Regulamento de bens das entidades locais.

2. O local cedido utilizarao a entidade seleccionada exclusivamente para os fins previstos no expediente.

3. As obras de acondicionamento precisas para adecuar o local cedido aos fins sinalados realizaraas a entidade cesionaria á súa costa, despois do coñecemento e aprobación pola Deputación provincial.

4. En tanto estea vixente a autorización de uso do local, os gastos de teléfono, gas, auga, enerxía eléctrica e aqueles outros derivados da devandita utilización, correrán a cargo da entidade cesionaria, que deberá instalar os correspondentes contadores individuais.

5. A entidade cesionaria deberá manter o inmóbel en perfecto estado de conservación, adoptando todas as medidas necesarias para iso.

6. O Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura, Enxeñaría e Mantemento, etc) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmóbel, así como o cumprimento dos fins establecidos.

III. FORMA DE ADXUDICACIÓN

A entidade cesionaria seleccionarase mediante concurso de acordo aos principios de publicidade e concorrência, logo da publicación do correspondente anuncio no BOP, e aos criterios de selección establecidos no presente prego.

IV. REQUISITOS DAS ENTIDADES

As entidades interesadas deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo cos artigos 32 e 13 da Lei 4/93:

- (1) Ter a consideración de entidade privada de iniciativa social e estar cualificada como institución privada sen ánimo de lucro
- (2) Figurar inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia na área correspondente ás actividades que desenvolvan.
- (3) Ter como obxectivo dos seus programas e actividades a integración laboral para discapacitados físicos, mediante formación homologada ou cofinanciada por entidades públicas.

V. DOCUMENTACIÓN QUE SE HA PRESENTAR

a) Documento de aceptación do prego axustado ao seguinte modelo:

D/D^a....., con domicilio para os efectos de notificacións en , rúa....., nº....., código postal....., con DNI nº..... actuando en representación da entidade con domicilio en , rúa....., nº....., código postal....., fai constar que coñece e acepta as condicións do prego para a cesión de uso dun local no edificio “ A Milagrosa” para o desenvolvemento de servizos sociais especializados destinados ao sector de persoas con discapacidade física para a súa integración laboral.

Asdo:

b) Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a actividade da entidade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

c) Declaración da entidade como de utilidade pública de acordo cos art.32 a 36 da Lei orgánica 1/2002 reguladora do dereito de asociación, e/ou certificado de inscrición no correspondente Rexistro de Entidades de Interese Galego.

d) Deberá acompañarse poder notarial para representar á entidade en cuxo nome concorra perante a Deputación, poder que bastanteará previamente o secretario da Deputación, oficial maior ou funcionario habilitado.

e) Memoria anual de actividades, que deberá comprender as seguintes especificacións:

- Programas que desenvolven, obxectivos e tipoloxía dos usuarios aos que se destina o programa ou programas, actividades, metodoloxía de traballo e modelos de avaliación. Avaliación dos últimos catro anos. Se agrupa a outras entidades, a avaliación será destas; se colabora con entidades públicas, será dos organismos con quen teñan acordo ou convenio de colaboración e/ou de financiamento. En ambos os dous casos, á avaliación externa poderá acompañarse a da propia entidade.
- Recursos humanos: currículo dos profesionais adscritos aos distintos programas, tipo de contrato ou contraprestación de servizos.
- Recursos materiais: propios, conveniados, por cesión...
- Memoria económica: fontes de financiamento, de mantemento e investimento.

VI. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións poderán presentarse no Servizo de Patrimonio e Contratación dentro do prazo de 26 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria do presente concurso no BOP.

VII. COMISIÓN DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

Co fin de que a Mesa de Contratación poida formular a súa proposta de adxudicación constituirase unha Comisión Técnica que se designará mediante resolución de Presidencia.

VIII. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Serán criterios de valoración os seguintes:

- (1) Obxectivos, usuarios e metodoloxía.... 60 puntos
- (2) Memoria económica 20 puntos
- (3) Medios persoais 20 puntos

O Pleno da Corporación, á vista da proposta da Mesa de Contratación, seleccionará a entidade cesionaria, unha vez aprobados definitivamente os expedientes de alteración da cualificación xurídica e de cesión.

IX. PRAZO DE CESIÓN

O prazo de cesión de uso do local será de **catro anos** contados desde a entrega por parte da Deputación, transcorrido o dito prazo o local cedido en uso reverterá ao patrimonio da Deputación.

A Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso cun preaviso de 6 meses.

X. CAUSAS DE REVERSIÓN

Serán causas de reversión automática:

- (a) O cumprimento do prazo de cesión.
- (b) O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecidas no presente prego e, en especial, as seguintes:
 - Desvío dos obxectivos e deixar de prestar as actividades que constitúen o obxecto da cesión.
 - Prestar inadecuadamente tales actividades.
 - O incumprimento pola entidade cesionaria da normativa reguladora dos Servizos Sociais, Sanitarios, Laborais e de Seguridade Social, prevención de riscos laborais e calquera outra normativa aplicábel.
 - A realización de obras no inmóbel sen a autorización da Deputación.
 - O incumprimento pola entidade cesionaria do deber de conservación do inmóbel.

9.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE CERCEDA, DENTRO DO II CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA PARA REALIZAR OBRAS DE INFRAESTRUTURA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar a primeira relación de investimentos do Concello de Cerceda, integrada polas obras que se indican deseguido cos seus orzamentos de contrata, no marco do **II Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda para realizar obras de infraestrutura** que foi aprobado polo pleno da Deputación o 30 de xullo de 2004 e asinado polos presidentes das dúas administracións o día 17 de setembro do ano 2004.

Código obra	Denominación da obra	Orzamento da obra
05.7370.0001.0	Ampliación, reforma e adecuación ao novo Regulamento electrotécnico de baixa tensión R.D. 842/2002 da instalación eléctrica do Estadio Roxo de Cerceda	113.063,74
05.7370.0002.0	Sinalización informativa en Cerceda	40.348,10
	TOTAL	153.411,84

O financiamento destas obras farase efectivo na súa totalidade coa achega da deputación con cargo á partida 0501/911B/76284 do vixente orzamento provincial.

2º) Modificar a **cláusula cuarta** deste convenio no seu parágrafo primeiro, no tocante á eliminación do texto referido ao prazo de presentación dos proxectos técnicos das obras de infraestrutura, máis á documentación xustificativa do Concello de Cerceda, no senso de que non exista prazo ningún para a presentación polo concello da documentación sinalada nela, tendo en conta que o convenio concertouse unicamente co Concello de Cerceda, e que por tanto non existen terceiros que poidan resultar prexudicados, e tendo en conta así mesmo a natureza deste convenio que pretendía na súa orixe satisfacer extraxudicialmente as pretensións de ambas as dúas administracións, na controversia

existente no tocante á interpretación da sentenza relativa ao reparto entre os concellos afectados do canon de produción de enerxía eléctrica. Deste xeito non se determina prazo ningún para a presentación da devandita documentación dentro deste convenio.

A cláusula cuarta do convenio no seu parágrafo primeiro quedaría como se indica deseguido:

“Cuarta.- Forma e prazo de solicitude

O concello deberá presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou na forma disposta no art.38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a seguinte documentación, do xeito sinalado:

.....”

3ª) En consonancia co indicado no apartado precedente, modificar o prazo concedido ao Concello de Cerceda en virtude do disposto na **cláusula quinta** do Convenio para a contratación das obras incluídas nel, até o día 31 de decembro de 2005, que é a data que o concello solicitou no seu escrito polas razóns xustificativas expostas. Así mesmo, modificar esta cláusula no senso de engadir que se faculta ao presidente da Deputación para que, mediante resolución, proceda á concesión de prórrogas para a contratación das obras, despois da solicitude do concello de prórroga motivada.

Tendo en conta o sinalado, a redacción da **cláusula quinta** no seu parágrafo cuarto queda do modo seguinte:

“Quinta.- Contratación

A contratación das obras e dos equipamentos poderá realizarse até o día 31 de decembro de 2005, agás solicitude de prórroga motivada que poderá conceder mediante resolución o presidente da Deputación.

.....”

4º) En concordancia co exposto nos dous apartados anteriores, modificar as **cláusulas sexta e novena** do convenio no senso de engadir que se faculta ao presidente da Deputación, para a concesión, mediante resolución, de prórrogas para a execución das obras, por pedimento do concello e por razóns xustificadas.

Tendo en conta o exposto, a redacción da **cláusula sexta** nos seus parágrafos terceiro e cuarto é a seguinte:

“Sexta.- Execución

Os investimentos incluídos neste convenio deberán estar rematados e xustificados antes do día 1 de decembro de 2006.

Non obstante este prazo poderá ser obxecto de ampliación por solicitude do concello e por razóns xustificadas, quedando facultado o presidente da Deputación para a súa concesión mediante resolución.”

Verbo da redacción da **cláusula novena** do convenio regulador da súa vixencia, quedaría do xeito seguinte:

“Novena.- Vixencia

O presente convenio iniciará a súa vixencia na data da súa sinatura e finalizará con anterioridade ao día 1 de decembro de 2006 prorrogábel por causas xustificadas (deberase entregar a documentación xustificativa sinalada na cláusula cuarta dentro do dito prazo), quedando facultado o presidente da Deputación para a súa ampliación mediante resolución.”

10.-APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS, 2006-2008

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1.- Aprobar a Programación de investimentos en vías provinciais 2006-2008
- 2.- A inclusión das obras no correspondente Plan estará supeditada aos correspondentes acordos plenarios que aproben a súa inclusión na anualidade correspondente e a existencia de crédito axeitado e suficiente.

11.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS, 2005, 2ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Aprobar o Plan de CONSERVACIÓN DE VIAS PROVINCIAIS 2005 SEGUNDA FASE, integrada polos plans que a continuación se relacionan e tomar en consideración os plans incluídos nel, cun orzamento total de 1.078.625,90.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/21001 e que son as que deseguido se detallan,

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1100.0032.0	RENOVACION DE CAPA DE RODADURA CON LEITADA BITUMINOSA EN ESTRADAS PROVINCIAIS NA ZONA A (FERROL, FENE, MAÑÓN)	269.783,14
05.1100.0033.0	RENOVACION DE CAPA DE RODADURA CON MESTURA ASFÁLTICA EN ESTRADAS PROVINCIAIS NA ZONA B	268.842,76
05.1100.0034.0	RODADURA CON M.A.C. E LEITADA BITUMINOSA EN ESTRADAS DA ZONA C	270.000,00
05.1100.0035.0	MELLORA DE CAPA DE RODADURA CON LEITADA BITUMINOSA NA ZONA D	270.000,00
TOTAL.....		1.078.625,90

2) Expor ao público os plans mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

12.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA 2ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 E CONCESIÓN DUN PRAZO ADICIONAL PARA QUE OS CONCELLOS COMPLETEN A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA NAS BASES DO PLAN DE TRAVESÍAS 2004-2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Aprobar provisionalmente a 2ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 integrada polos plans que se relacionan por ser os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0006.0	E.P. 8202 AS GALANAS A CACHEIRAS P.K. 1,3 A P.K. 1,86 (TEO)	351.457,39

2.- Expor ao público, unha vez aprobados, provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACION DAS EXPROPIACIÓNS
05.1130.0006.0	E.P. 8202 AS GALANAS A CACHEIRAS P.K. 1,3 A P.K. 1,86 (TEO)	40.283,52

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

5.- Conceder un prazo de 20 días contados desde a notificación do presente acordo para que o Concello de Santiago de Compostela remita a documentación das bases 3.2.:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo xurado de expropiación ou por xuíces e

tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativa por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

6.- Conceder un prazo de 20 días contados desde a notificación do presente acordo para que o Concello de Ames lle remita a esta Deputación:

- Relación de predios nos que hai dispoñibilidade de terreos e certificación acreditativa da inclusión dos respectivos bens no Inventario de Bens Inmóbeis do Concello de Ames.

Todo iso para os efectos de o someter, unha vez solucionado o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

Caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado arquivarase o expediente.

7.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.

13.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA 3ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 E CONCESIÓN DUN PRAZO ADICIONAL PARA QUE OS CONCELLOS COMPLETEN A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA NAS BASES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Aprobar provisionalmente a 3ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 integrada polos proxectos que se relacionan por ser os que se axustan ao disposto nas BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PROXECTO DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0011.0	TRAVESÍA NA E.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE PK 0,3 A P.K. 1,40 (A CORUÑA)	351.112,28
TOTAL.....		351.112,28

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, que fai necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	VALORACIÓN DE EXPROPIACIÓNS	OBSERVACIÓNS
05.1130.0011.0	TRAVESIA NA E.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE PK 0,3 A P.K. 1,40 (A CORUÑA)	15.302,76	
TOTAL.....		15.302,76	

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

5.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.

6.- Conceder un prazo de 20 días contados desde a notificación do presente acordo para que o Concello de Boimorto e Culleredo remitan a documentación das bases 3.2.:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo xurado de expropiación ou por xuíces e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á deputación a que perciba os

importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativa por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras, unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.

7.- Conceder un prazo de 20 días contados desde a notificación do presente acordo para que o Concello de Paderne lle remita a esta Deputación:

- Relación de predios nos que hai dispoñibilidade de terreos e certificación acreditativa da inclusión dos respectivos bens no Inventario de Bens Inmóbeis do Concello de Paderne.

8.- Conceder un prazo de 20 días contados desde a notificación do presente acordo para que o Concello de Santiago de Compostela lle remita a esta Deputación:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo xurado de expropiación ou por xuíces e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

Todo iso para os efectos de o someter, unha vez solucionado o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

Caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado arquivarase o expediente.

14.-RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA POLO CONCELLO DE MESÍA AO ACORDO DE ANULACIÓN DA OBRA “CAPTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA ETAP EN MESÍA” DESTE CONCELLO, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DA ANUALIDADE 2005 DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, CÓDIGO 05.2300.0166.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o escrito de alegacións presentado polo Concello de Mesía, en relación co acordo de anulación da obra “Captación e acondicionamento ETAP” do Concello de Mesía incluída na primeira fase da anualidade 2005 do Programa operativo local 2000-2006. Código 05.2300.0166.0 aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión celebrada o día 26 de maio de 2005, e cuxo anuncio de exposición pública se publicou no *BOP* nº 123 do 1 de xuño de 2005.

Tendo en conta que as alegacións presentadas polo Concello de Mesía fundaméntanse en que xa se rectificou o erro aritmético cometido, incorporando no proxecto o capital realmente concedido; que Augas de Galicia someteu o expediente da concesión do capital a exposición pública mediante publicacións oficiais; que ten preferencia o uso da auga para abastecemento a poboacións sobre as concesións destinadas á acuicultura; e que o Concello de Mesía non ten rede pública nin de abastecemento de auga nin de rede de sumidoiros.

1 Considerando que é un problema que deben aclarar o Concello de Mesía e Augas de Galicia, podendo a Deputación con posterioridade, unha vez que exista concordancia entre o proxecto técnico e a concesión outorgada por Augas de Galicia, incluílo noutra fase da anualidade 2005 ou na anualidade 2006 do POL 2000-2006.

DESESTIMAR as alegacións presentadas polo Concello de Mesía contra o acordo plenario desta Deputación do día 26 de maio de 2005, relativo ao acordo de anulación da obra “Captación e acondicionamento ETAP” do Concello de Mesía incluída na primeira fase da anualidade 2005 do Programa operativo local 2000-2006. Código 05.2300.0166.0, debendo aclararse entre o Concello de Mesía e Augas de Galicia todas as autorizacións e concesións necesarias para a execución da obra con anterioridade á aprobación e adxudicación.

En consecuencia, considerar definitivamente anulada a obra “Captación e acondicionamento ETAP” do Concello de Mesía da 1ª fase da anualidade 2005 do POL 2000-2006, sen prexuízo de que con posterioridade, toda vez que exista

concordancia entre o proxecto e a concesión de augas outorgada, se poida incluír nunha nova fase da anualidade 2005 ou na anualidade 2006 do POL 2000-2006.

15.-APROBACIÓN DO PROGRAMA DE PROXECTOS SINGULARES DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Vista a comunicación recibida do MAP relativa á resolución do Programa de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano anualidade 2005, no que resultou seleccionado o proxecto denominado "Instalacións solares fotovoltaicas con conexión á rede e instalacións solares térmicas en 11 concellos da provincia da Coruña".

1.- Aprobar o Programa de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano anualidade 2005, no que se inclúe o proxecto denominado "Instalacións solares fotovoltaicas con conexión á rede e instalacións solares térmicas en 11 concellos da provincia da Coruña" código 05.2700.0001.0 cun orzamento de 1.113.004,60 €, cofinanciado entre o MAP e a Deputación, de acordo co seguinte detalle:

PROXECTOS SINGULARES 2005					
Denominación	Ámbito territorial		Orzamento	MAP 50%	Deputación 50%
<i>Instalacións solares fotovoltaicas con conexión á rede e instalacións solares térmicas en 11 concellos da provincia da Coruña</i>	ARES CABANAS A CAPELA FENE MONFERO MUGARDOS	NEDA PONTEDEUME AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ SAN SADURNIÑO AS SOMOZAS	1.113.004,60	556.502,30	556.502,30

2.- A contratación e execución da obra realizaraa esta Deputación, de acordo co establecido no Real decreto 835/2003 e Orde ministerial do 23 de xaneiro de 2004.

3.- Para o financiamento desta obra existe crédito suficiente na partida 0501/560B/60199 do vixente orzamento provincial para a anualidade 2005.

4.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no *BOP* para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentárense as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, hai que ter en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

6.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporación Locais, hai que ter en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

7.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/97 de administración local de Galicia, hai que ter en conta que transcorrido o prazo de 10 días dende a súa recepción poderanse proseguir coas actuacións.

8.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o Programa de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano, anualidade 2005.

9.- Facultar ao presidente desta Deputación para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

16.-APROBACIÓN DO CAMBIO DA OBRA “ACCESO SUEIRO-GOIENTE”, CÓDIGO 05.2100.0128.0 DO CONCELLO DE CULLEREDO INCLUÍDA NO POS 2005, POLA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NA PRAZA EUROPA” PREVISTA NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

Visto o escrito recibido do Concello de Culleredo no que solicita o cambio da obra incluída no POS 2005 denominada “Acceso Sueiro-Goiente”, código: 05.2100.0128.0, cun orzamento de 44.559,31 €, pola obra prevista no Plan complementario denominada “Acondicionamento de iluminación pública na Praza Europa” que ten un orzamento de contrata de 41.460,63 €.

Visto o acordo plenario de aprobación do POS 2005 e máis o seu Plan complementario adoptado en sesión celebrada o 24 de febreiro de 2005.

1º.- Aprobar o cambio de obra solicitado polo Concello de Culleredo, de xeito que se anule a obra nº 128 “Acceso Sueiro-Goiente” incluída no POS 2005 co código 05.2100.0128.0 cun orzamento de contrata de 44.559,31 €, e se inclúa no seu lugar a obra prevista no Plan complementario denominada “Acondicionamento de iluminación pública na Praza Europa” cun orzamento de contrata de 41.460,63 €.

Obra que se anula						
<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f.p.</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>TOTAL</u>
05.2100.0128 .0	Acceso Sueiro-Goiente	17.629,77	14.135,58	5.817,88	6.976,08	44.559,31

Nova obra que se inclúe						
<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f.p.</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>TOTAL</u>
05.2100.0411 .0	Acondicionamento de iluminación pública na Praza Europa	17.629,77	14.135,58	5.817,88	3.877,40	41.460,63

2º Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no *BOP* para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentárense as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

4º Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación do Plan.”

17.-DAR CONTA AO PLENO DO NOMEAMENTO DO VICEINTERVENTOR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Dáse conta da Resolución da Presidencia nº 9.148, con data do 19 de maio de 2005 pola que se nomea a D. José Mª Pérez Alvarino para o posto de viceinterventor da Deputación Provincial da Coruña.

18.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA DESTINADA Á PROMOCIÓN MUSICAL DE BANDAS DE MÚSICA, CORAIS E GRUPOS DE CÁMARA DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Conceder unha subvención nominativa de **34.800 €** á Fundación Paideia Galiza destinada á promoción de bandas de música, corais e grupos de cámara da provincia da Coruña.

2.- Delegar no presidente a aprobación do texto do convenio correspondente no que se recollen as condicións para realizar 24 gravacións musicais e a edición de 1.030 copias en CD de cada gravación, cun orzamento total de 69.600 €.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA, DIRIXIDO Á PROMOVER A PRODUCCIÓN MUSICAL DE BANDAS DE MÚSICA, CORAIS E GRUPOS DE CÁMARA DA PROVINCIA DA CORUÑA.

A Coruña,de..... de 2005

REUNIDOS

O Excmo. Sr. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Dona Rosalía Mera Goyenechea, presidenta da Fundación Paideia

EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas entidades teñen unha especial sensibilidade para a realización de actividades que contribúan ao desenvolvemento cultural de Galicia.

2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, de conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración Local de Galicia, que establece como competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia, e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, ten un programa de actuacións musicais e teatrais para grupos artísticos da provincia, orientado ao fomento da cultura nese eido.

3.-Que a Fundación Paideia Galiza, constituída como entidade sen ánimo de lucro, e recoñecida de interese galego, ten entre os seus obxectivos fundacionais a promoción e a realización de actividades de interese educativo, cultural e outras de análogo interese humana e social. Así mesmo, na actualidade leva a xestión do proxecto "Mans", un centro de iniciativas empresariais, que se sitúa nunha nave do Polígono de

POCOMACO, para potenciar a cultura empresarial innovadora na provincia da Coruña, favorecendo actividades coma a audiovisual ou a de creación musical.

4.- Que a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia consideran que as programacións de ambas as dúas entidades, neste ámbito, son complementarias, polo tanto, e, coa finalidade de potenciar as iniciativas culturais que axuden na promoción da cultura e das actividades musicais na provincia da Coruña, acordan establecer un convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a promoción da actividade cultural e musical na provincia da Coruña, por medio da oferta ás bandas musicais, aos grupos de cámara e aos coros desta provincia da posibilidade de realizar un total de vinte e catro gravacións musicais, e a edición de 1.030 copias en CD de cada gravación, o que contribuirá á difusión da súa música, co conseguinte espallamento das creacións e interpretacións musicais, que se están a facer por todos estes grupos da provincia.

En concreto, a achega da Deputación destinarase ao financiamento dos seguintes gastos:

Orzamento

Sesión, mestura e masterización.....	32.400€
Fabricación, deseño, autores e xestión.....	37.200€
Total.....	69.600€

Segunda.-Financiamento

A Deputación Provincial da Coruña financiará o proxecto cunha achega de **34.800,00€**.

Esta achega, consonte co orzamento que figura na cláusula primeira, supón unha porcentaxe de financiamento do 50% do custo total dos gastos, e non será compatíbel coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

O restante 50% achegarao directamente a Fundación Paideia por cada grupo, na maneira que nos contratos que se subscriban entre a Fundación e cada un dos grupos se estipule.

Terceira.-Obrigas das partes

De conformidade co presente convenio de colaboración, cada unha das partes asume as seguintes obrigas:

3.1.- Deputación Provincial da Coruña

- * Realizará a difusión do programa
- * Formará parte da Comisión que se vai constituír para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas que proveñan deste convenio de colaboración.
- * Achegará o importe correspondente ao 50% do custo da gravación, da tramitación das cotas correspondentes perante a SGAE e da obtención do depósito legal, así coma da entrega das 1.000 unidades dos CD gravados. (O 50% restante, e polos mesmos conceptos, aboarao directamente cada grupo, segundo o establecido na cláusula segunda).

3.2.-Fundación Paideia Galiza

- * Recibirá as ofertas dos grupos para participar no programa.
- * Formará parte da Comisión que se vai constituír para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas que proveñan deste convenio de colaboración.
- * Porá ao dispor dos grupos seleccionados as súas instalacións e os seus medios técnicos, consistentes nunha sala de gravacións no Centro de Iniciativas "Mans", así como o apoio especializado, necesario para levar a cabo as gravacións, que se lles prestará aos vinte e catro grupos seleccionados, durante a vixencia do convenio, de acordo co seguinte:
 - * Cederá as súas instalacións a cada grupo para unha sesión de gravación de entre tres a cinco horas, en horario de mañá ou tarde, no estudio de gravacións situado no CIE "Mans".
 - * Cederá as súas instalacións a cada grupo para as súas sesións de mestura, edición e masterización, en sistema de gravación a disco duro en Hd3 de protocols.
 - * Tramitará a documentación administrativa necesaria e a esixida pola lexislación da propiedade intelectual , en concreto a tramitación do depósito legal e a xestión dos dereitos correspondentes perante a SGAE (incluído o aboamento de tarifas).

- * Realizará o deseño gráfico, e o seguimento da fotomecánica.
- * Xestionará a marca discográfica e a de fábrica.
- * Entregará 1.000 copias do CD gravado a cada grupo.
- * Entregará 25 copias de cada CD gravado por cada grupo á Deputación provincial.
- * Entregará 3 copias de cada CD gravado ao Depósito Legal
- * Disporá de 2 copias de cada CD gravado para o seu arquivo

Cuarta.- Comisión de selección e de seguimento do convenio

Para a selección dos grupos e o seguimento da execución do convenio constituirase unha Comisión mixta, da que formarán parte dous representantes de cada unha das entidades asinantes, que serán nomeados polos seus órganos de goberno.

Serán funcións da Comisión as seguintes:

- * Valorar as ofertas de participación dos grupos e realizar a súa selección.
- * Coordinar as actuacións das entidades que interveñan no desenvolvemento do convenio.
- * Celebrar reunións sempre que o soliciten cada unha das partes.

Quinta.- Inserción do logotipo da Deputación

En todo o material publicitario, ou doutro tipo, que, como consecuencia do convenio, realice e distribúa a Fundación Paideia deberá constar a colaboración desta Deputación, así como o seu logotipo. Por outra banda, os CD que se editen levarán encaixado, igualmente, o logotipo da Deputación.

Sexta.-Procedemento

1ª fase: O grupo solicitará a participación neste proxecto, facendo constar expresamente o seu compromiso de asumir o 50% do custo total que lle corresponde.

2ª fase: Comprobadas as solicitudes pola Comisión mixta, esta seleccionará ás vinte e catro que considere máis axeitadas, de acordo cos seguintes criterios:

- * Estar incluído na Rede Cultural da Deputación
- * Interese do currículo do grupo
- * Antigüidade do grupo
- * Características que se adapten ao tipo de servizo de gravación que se oferta.

3ª fase: Despois de finalizar a gravación e de tramitar o depósito legal, a Fundación Paideia Galiza entregará as 1.000 copias do CD a cada grupo beneficiario.

Sétima.-Pagamentos

A Deputación Provincial da Coruña aboará a súa achega da seguinte maneira:

* O 50% da totalidade da achega, despois da finalización do proceso de gravación cos grupos.

* O 50% restante, despois da entrega das 1.000 copias dos CD aos grupos, e da entrega das vinte e cinco copias á Deputación.

Para ambos os dous aboamentos deberá presentar as correspondentes certificacións, nas que se detallen os pagamentos realizados polos seus conceptos e contías, que deberán adecuarse ao orzamento que se recolle na cláusula primeira, así como as correspondentes relacións dos seus perceptores.

Para o segundo pagamento deberá achegar os correspondentes documentos nos que os grupos manifesten que recibiron as copias dos CD (con excepción daqueles supostos que se recollen na cláusula novena do presente convenio).

Ademais a Fundación Paideia deberá enviar unha certificación acreditativa de que non se percibiron ingresos doutras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade, así como acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitava.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa subscripción polas partes, e terá vixencia até o 31 de decembro de 2005.

Novena.- Incumprimentos e non pagamentos

Se despois de rematar a gravación, de cumprir con todos os trámites legais, e da entrega do CD orixinal ao grupo beneficiario, este non aboa a cantidade pendente de pagamento á Fundación Paideia, non se lle darán as 1.000 copias do CD, polo que a Fundación Paideia entregará á Deputación Provincial da Coruña 500 copias dos CD.

Sen prexuízo do anterior e, con independencia do incumprimento que se poida producir polos grupos coa Fundación Paideia, en todo caso a Deputación provincial aboará a totalidade da súa achega correspondente ao custo de gravación, de edición e de entrega das 500 copias dos CD.

Décima.-Interpretación

As dúbidas que poidan xurdir na interpretación do convenio resolveraa a Deputación Provincial da Coruña, poñendo fin, así, á vía administrativa.

Para as cuestións non previstas neste convenio estarase ao disposto nas Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial da Coruña do ano 2005, e na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Undécima.-Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar, se é o caso, ao reintegro das cantidades percibidas, ás que se lle engadirán os correspondentes xuros de mora, as seguintes:

- * O incumprimento das cláusulas do convenio
- * A aplicación dos fondos a fins distintos dos que deron lugar á súa concesión.

Duodécima.-Natureza

O presente convenio ten natureza administrativa, e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento e resolución de posíbeis cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia del.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado, polo que en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data indicados.

19.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN LUIS SEOANE PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “O LADO DA SOMBRA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1.-** Conceder unha subvención nominativa de **30.000 €** á Fundación “Luís Seoane” destinada ao financiamento do proxecto “O lado da sombra”.

2.- Delegar no presidente a probación do texto do convenio correspondente no que se recollen as condicións para realizar a exposición e actividades que forman parte do proxecto, cun orzamento total de 45.300 €.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación "Luís Seoane" para o cofinanciamento do proxecto "O lado da sombra" durante o ano 2005.

A Coruña, -----de-----de -----

REUNIDOS

O Excmo. Sr. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, asistido polo secretario da corporación, D. José Luís Almau Supervía

D. _____, presidente da Fundación "Luís Seoane", na súa representación.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

1.- Que as dúas partes se recoñecen plena capacidade para realizar o presente convenio.

2.- Que as dúas entidades valoran a importante actividade cultural que desenvolve a Fundación "Luís Seoane".

4.- Que ao longo do ano 2005 a Fundación ten prevista a realización dun proxecto de recuperación da documentación do período 1979-1990 referente ao tecido cultural de Galicia no seu aspecto non institucional, e que inclúe unha exposición, que se realizará na sede da Fundación, o correspondente catálogo e un ciclo de actividades.

5.- Que co fin de establecer as condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e a Fundación "Luís Seoane" para o fin previsto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-O obxecto do presente convenio é o cofinanciamento dun proxecto que, baixo a denominación, " O Lado da sombra" se realizará na sede da mencionada Fundación e comporase dunha exposición, un catálogo e un ciclo de actividades, a través dos cales se recuperará a documentación referente ao tecido cultural de Galicia, no aspecto non institucional deste, no período 1979-1990. O proxecto tratará de ofrecer unha revisión dos movementos gráficos, plásticos, musicais e literarios de dous decenios, que estiveron marcados polas transformacións políticas e sociais do país, todo iso, de acordo co seguinte orzamento:

* Transporte:	3.000,00€
* Produción audiovisual:	4.000,00€
* Montaxe:	2.500,00€
* Seguro obras:	1.000,00€
* Comisariado:	9.000,00€
* Coordinación:	4.500,00€
* Deseño edición:	6.000,00€
* Tradución:	1.500,00€
* Impresión e encadernación:	10.000,00€
* Fotos catálogo:	3.000,00€
* Dereitos de autor	800,00€

Total **45.300,00 €**

SEGUNDA.- A Deputación da Coruña financiará as actividades citadas cunha achega máxima de **30.000,00 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **66,23 %** do total dos gastos e será compatíbel coas doutras entidades públicas ou privadas.

TERCEIRA.-Para o cobramento da subvención, a Fundación "Luís Seoane" deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social , mediante a presentación das correspondentes certificacións.

Así mesmo, a Fundación "Luís Seoane" deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación .

CUARTA.- Co fin de facilitar as actividades necesarias para a organización das actividades obxecto do presente convenio, a Deputación da Coruña aboaralle á Fundación a cantidade de 15.000,00 € "para xustificar" tras a sinatura do convenio, e despois da presentación de aval bancario polo citado importe.

O aboamento efectuarase unha vez asinado o convenio, logo da presentación de certificación bancaria da conta na que se aboará a achega provincial.

O importe anticipado ingresarase nunha conta específica con cargo á que só se realizarán cargos derivados do orzamento obxecto da subvención, autorizándose expresamente á Deputación da Coruña e aos órganos de control interno e externo a verificación dos movementos que se realicen nela.

QUINTA.- Co fin de percibir o resto da achega e como xustificación das actividades realizadas, unha vez finalizadas estas, a Fundación "Luís Seoane" remitiralle á Deputación da Coruña a seguinte documentación:

* Certificación na que se detallen todos os pagamentos realizados con motivo da realización das actividades obxecto do convenio.

* Certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houber.

A Deputación aboará a totalidade da súa achega (30.000,00€) sempre que o importe dos gastos xustificadas alcance a cantidade de 45.300,00€; en caso contrario, aboará o 66,23 % dos gastos xustificadas.

O importe da achega da Deputación, en concorrencia con outros ingresos, non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

O total do importe que se vai aboar non excederá en ningún caso a cantidade sinalada na cláusula segunda.

SEXTA.- A Fundación "Luís Seoane" comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

SÉTIMA.- Poderá crearse unha comisión mixta de seguimento da execución do presente convenio formada polo presidente da Comisión de Cultura da Deputación da Coruña e o director xerente da Fundación "Luís Seoane".

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias, caso de discrepancias, resolveraa o presidente da Deputación da Coruña, pondo fin así á vía administrativa.

OITAVA.- A Fundación "Luís Seoane" comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xere a actividade obxecto do convenio.

Así mesmo, cede, con carácter gratuíto, os seus locais á Deputación para a realización de actividades.

NOVENA.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de decembro de 2005.

DÉCIMA.- Para todo o non previsto no presente convenio, estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

UNDÉCIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posíbeis cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia del.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as cláusulas, estendéndose no lugar e data sinalados.

20.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A CAIXANOVA PARA O COFINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAI EN CONCELLOS DA PROVINCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1.- Conceder unha subvención nominativa de **482.432,06 €** a Caixanova destinada ao cofinanciamento dun programa de actividades culturais en concellos da provincia.

2.- Delegar no presidente a aprobación do texto do convenio correspondente no que se recolle o programa integrado por actividades de música, teatro, danza, circo, cine, exposicións e conferencias, cun orzamento total de 964.864,12 €.

3.- Condicionar a concesión á aprobación do expediente de modificación de crédito no que se inclúe a subvención citada na partida 0601/451D/48999.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Caixanova para o cofinanciamento dun programa de actividades culturais en concellos da provincia.

A Coruña,de de 2005, na sede de Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

O Sr. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en virtude das facultades representativas atribuídas no art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

O Sr. Julio Fernández Gayoso, director xeral de Caixanova, que actúa en nome e representación desta.

Ambas as dúas partes recoñécense representación e poder bastante para outorgar este acto e

EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas entidades teñen unha especial sensibilidade para a realización de actividades que contribúan ao desenvolvemento cultural de Galicia.

2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, de conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, que establece como competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia, e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, ten un programa de actuacións musicais e teatrais para grupos artísticos da provincia.

3.- Que Caixanova realiza, dende hai anos, unha programación cultural en concellos de toda Galicia, que inclúe actuacións musicais e teatrais, exposicións, conferencias, cine, etc.

4.- Que a Deputación Provincial da Coruña e Caixanova consideran que as programacións de ambas as dúas entidades son complementarias, polo tanto, e, coa finalidade de potenciar as iniciativas culturais que axuden no desenvolvemento cultural dos habitantes da provincia da Coruña, acordan establecer un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a realización dunha programación cultural conxunta entre a Deputación Provincial da Coruña e Caixanova, durante o ano 2005, en localidades da provincia da Coruña de máis de 10.000 habitantes.

SEGUNDA.- O contido desta programación cultural, que abrangue actuacións de música, danza e teatro, exposicións e conferencias, é o seguinte:

ACTIVIDADE	Nº ACTUACIÓNS	IMPORTE
MÚSICA		
JOSE MAQUIEIRA(HARPA CELTA)	3	3.000,00 €
ORQUESTA ACORDEONES DE BILBAO	2	15.080,00 €
THE SOUL OF NEW ORLEANS	2	23.200,00 €
FIA NA ROCA	3	20.880,00 €
XOSE MANUEL BUDIÑO	2	25.984,00 €
SONDESEU	4	27.840,00 €
KARO ARS NOVA-REQUIEM DE MOZART	1	6.000,00 €
MANUEL SIRENA(TENOR)	1	3.480,00 €
ORQUESTRA DE CAMARA VOX AUREA BRESCIA	2	17.344,32 €
MUTENROHI	2	9.001,60 €
MUSICAL BROADWAY	2	48.720,00 €
CARLOS NUÑEZ	1	24.400,60 €
TEATRO,DANZA E CIRCO		
DEFENDIENDO AL CAVERNICOLA	3	20.880,00 €
UN HOMBRE DE SUERTE-JUAN LUIS GALIARDO	2	14.640,00 €
CIRCO NACIONAL ACROBATICO CHINO	3	73.080,00 €
TURANDOT	1	41.829,60 €
EL ZOO DE CRISTAL(LUIS TOSAR)	2	24.360,00 €
EL METODO DE GROLHOM"(CARLOS HIPOLITO)	1	10.440,00 €
LA CALUMNIA-CRISTINA HIGUERAS-F.FALTOYANO	1	9.744,00 €
TIRANO BANDERAS	1	9.860,00 €
EL OTRO LADO DE LA CAMA	1	16.240,00 €
STAR TRIP	1	6.960,00 €
TRICICLE	1	20.880,00 €
¡GORDA!-LUIS MERLO-TETE DELGADO	1	9.860,00 €
CINE		
CINE CAIXANOVA DE VERÁN	1	1.392,00 €

EXPOSICIÓN		
GOBISAURUS	1	275.000,00 €
ECOS DE LA CREACION	3	3.600,00 €
BIENAL PREMIOS E MENCIONS	4	4.800,00 €
VIVIR EN EL ESPACIO	3	45.000,00 €
AS CORES DO MAR DE GALICIA	1	1.200,00 €
VIII BIENAL INTERNACIONAL GRAVADO	1	6.000,00 €
MANS SALGADAS	1	1.200,00 €
CONFERENCIAS-XORNALISMO SIGLO XXI		
JAVIER NART	2	4.176,00 €
PEDRO PIQUERAS	3	6.264,00 €
ANGELA RODICIO	3	6.264,00 €
TICO MEDINA	1	2.088,00 €
FRAN SEVILLA	2	4.176,00 €
PUBLICIDADE		40.000,00 €
OUTROS GASTOS		50.000,00 €
SGAE		30.000,00 €
TOTAL		964.864,12 €

Os concellos incluídos no programa son os seguintes: A Coruña, Ames, Arteixo, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Comarca da Costa da Morte, Culleredo, Fene, Ferrol, A Laracha, Comarca de Melide, Muros, Narón, Noia, Oleiros, Ordes, Comarca do Ortegal, Comarca de Padrón, A Pobra do Caramiñal, Comarca de Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Sada, Santa Comba, Santiago de Compostela e Teo.

A distribución das distintas actividades entre os concellos realizarase tendo en conta as disponibilidades de infraestrutura e de datas, e a complementariedade con outros programas.

TERCEIRA.- A Deputación Provincial da Coruña e Caixanova financiarán a programación sinalada cunha achega de **482.432,06 €** por cada unha das entidades.

Estas achegas, de acordo co orzamento indicado, supón unha porcentaxe de financiamento por cada unha das entidades do **50%** do total dos gastos e non serán compatíbeis con ningunha outra contribución.

CUARTA.- Os concellos participantes no programa poñerán a infraestrutura e condicións axeitadas para a realización da actividade de acordo coa ficha na que se recollan as especificacións técnicas que proporcione a compañía.

No caso de actuacións ao aire libre, os concellos proporcionarán un escenario cuberto e terá que preverse un local alternativo para a celebración da actuación, no caso de climatoloxía adversa.

Será responsabilidade dos concellos a contratación e supervisión do persoal de carga e descarga; do persoal técnico e de sala e do persoal de seguridade, respectando a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

QUINTA.- A adxudicación das actividades aos concellos onde se vaian realizar estas, así como as posíbeis modificacións na programación e/ou na selección de concellos farase por resolución do presidente da Deputación, por proposta dunha Comisión mixta integrada polo director da Obra Social de Caixanova e o deputado presidente da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico Artístico da Deputación Provincial da Coruña, ou persoas nas que deleguen.

Despois de facer a selección, a Deputación Provincial da Coruña e Caixanova comunicarán aos concellos a súa inclusión na programación. Esta comunicación farana conxuntamente as dúas entidades patrocinadoras do programa.

SEXTA.- A xestión do programa encoméndase a Caixanova polo que lle corresponde a esta entidade realizar todas as xestións necesarias para o seu desenvolvemento, a saber: contratación das actividades, transportes, aloxamento, seguros, alugueiros, impostos, publicidades, etc. Así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización, incluídos os dereitos que se han aboar á SGAE e a outras entidades que xestionen dereitos de autor.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación Provincial da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto deste.

SÉTIMA.- A Deputación Provincial da Coruña aboará a súa achega en dous prazos, polo importe equivalente ao 50% dos gastos xustificadas, e coa limitación do importe sinalado na cláusula terceira, despois da presentación da seguinte documentación:

* Certificación na que se detallan todos os pagamentos feitos polos conceptos sinalados na cláusula segunda.

* Memoria xeral do desenvolvemento do programa: valoración, documentación de prensa.

Para a percepción da subvención, Caixanova deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación das correspondentes certificacións.

Así mesmo, Caixanova deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

OITAVA.- O importe total que se vai aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula terceira, aínda que os gastos sexan maiores de 964.864,12 €.

NOVENA.- No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minoraríase a achega da Deputación Provincial da Coruña, aboándose o 50 % da cantidade realmente xustificada.

DÉCIMA.- Caixanova comprométese a destinar os fondos percibidos para o obxecto para o que se conceden, e a Deputación Provincial da Coruña poderá comprobar, cando o considere, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O deseño do material de difusión do programa realizarano conxuntamente as dúas entidades asinantes do convenio.

Asemade, a campaña publicitaria do programa deberana coordinar os gabinetes de prensa da Deputación Provincial da Coruña e de Caixanova.

DÉCIMO SEGUNDA.- O seguimento de coordinación das actividades obxecto deste convenio farao a Sección de Cultura e Deportes da Deputación.

DÉCIMO TERCEIRA.- O prazo de vixencia deste convenio remata o día 31 de decembro de 2005.

DÉCIMO CUARTA.- Para todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado e, en proba de conformidade, asínano no lugar e data indicados.

O presidente da Deputación da Coruña,

O director xeral de
Caixanova,

21.-APROBACIÓN DE AXUDAS AOS CONCELLOS PARA SOSTEMENTO DA “CAMPAÑA DE COLABORACIÓN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS”. ANUALIDADE 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º Aprobar o modelo de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos da provincia que asinen convenio coa Consellaría de Medio Ambiente para a Campaña de actuación contra os incendios forestais.

2º) Incluír na citada campaña os concellos que se xuntan, atendendo á relación da Consellaría de Medio Ambiente, e propor a aprobación dunha brigada por concello.

3º) Aprobar a achega da Deputación polo importe de 3.010 € por brigada e mes, son un total de 79 brigadas, segundo se presentan deseguido cunha duración de 2 meses 2,5 e 3 meses, o que supón un total que ascende a 630.595,- euros

CONCELLO	BRIGADAS	MESES	TOTAL
AMES	1	3	9.030
ARANGA	1	2,5	7.525
ARTEIXO	1	2,5	7.525
ARES	1	2,5	7.525
ARZÚA	1	2,5	7.525
A BAÑA	1	3	9.030
BERGONDO	1	2,5	7.525
BOIMORTO	1	2,5	7.525
BOIRO	1	2,5	7.525
BOQUEIXÓN	1	2,5	7.525
BRIÓN	1	2,5	7.525
CABANA DE BERGANTIÑOS	1	2,5	7.525
CAMARIÑAS	1	2,5	7.525
CAMBRE	1	3	9.030
CARBALLO	1	2,5	7.525
CARNOTA	1	2,5	7.525
CEDEIRA	1	2,5	7.525
CEE	1	3	9.030
CERCEDA	1	2,5	7.525
CERDIDO	1	2,5	7.525
CESURAS	1	2,5	7.525
COIRÓS	1	2,5	7.525
CORISTANCO	1	2,5	7.525
CULLEREDO	1	2,5	7.525
CURTIS	1	3	9.030

DUMBRÍA	1	3	9.030
FENE	1	2,5	7.525
FRADES	1	3	9.030
IRIXOA	1	3	9.030
A LARACHA	1	3	9.030
LOUSAME	1	2,5	7.525
MALPICA DE BERGANTIÑOS	1	2,5	7.525
MAÑÓN	1	3	9.030
MAZARICOS	1	3	9.030
MELIDE	1	3	9.030
MESÍA	1	2,5	7.525
MIÑO	1	2,5	7.525
MUGARDOS	1	2,5	7.525
MUXÍA	1	3	9.030
MUROS	1	2,5	7.525
NARÓN	1	2,5	7.525
NEGREIRA	1	3	9.030
NOIA	1	3	9.030
ORDES	1	2,5	7.525
ORTIGUEIRA	1	2,5	7.525
OUTES	1	2,5	7.525
OZA DOS RÍOS	1	2,5	7.525
PADERNE	1	2,5	7.525
PADRÓN	1	3	9.030
O PINO	1	3	9.030
A POBRA DO CARAMIÑAL	1	2,5	7.525
PONTECESO	1	3	9.030
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	1	2,5	7.525
PORTO DO SON	1	3	9.030
RIANXO	1	2,5	7.525
RIBEIRA	1	3	9.030
ROIS	1	2,5	7.525
SADA	1	2,5	7.525
SAN SADURNIÑO	1	2,5	7.525
SANTA COMBA	1	3	9.030
SOBRADO	1	2,5	7.525
TEO	1	2,5	7.525
TOQUES	1	2,5	7.525
TORDOIA	1	3	9.030
TOURO	1	3	9.030
TRAZO	1	2,5	7.525
VALDOVIÑO	1	3	9.030
VAL DO DUBRA	1	2,5	7.525

VEDRA	1	2,5	7.525
VILASANTAR	1	2,5	7.525
VILARMAIOR	1	2,5	7.525
ZAS	1	2,5	7.525
OROSO	1	2,5	7.525
CARRAL	1	2,5	7.525
ABEGONDO	1	2,5	7.525
CORCUBIÓN	1	2,5	7.525
SANTISO	1	2,5	7.525
FISTERRA	1	2,5	7.525
DODRO	1	2,5	7.525
TOTAIS	79		630.595

4º) O órgano competente para a aprobación dos convenios é o Pleno da Corporación

5º) Facultar á Presidencia para introducir na relación anterior as modificacións que se deriven dos acordos coa Consellaría de Medio Ambiente e os concellos da provincia, polo que quedará posposta a sinatura dos convenios á certificación por parte da Consellaría da relación de concellos que asinaron os convenios.

6º) Os concellos asinantes dos convenios deberán autorizar á Deputación para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o concellos están ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das cantidades outorgadas.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión sendo as doce horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.